



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ANUNCIO

Asunto: comunicación das labores de xestión de biomasa do UFD Distribución Electricidad, SA - Grupo Naturgy Expte. núm. 2026/X998/000040

Que UFD Distribución Electricidad SA, empresa do grupo Naturgy, vén de comunicarlle ao Concello de Laxe a súa intención de acometer labores de xestión da biomasa no termo municipal, debaixo das liñas de alta e media tensión.

Este aviso ten lugar en cumprimento da Lei 12/2021 de montes de Galicia, que recolle que nas liñas de distribución de enerxía eléctrica deberá xestionarse a biomasa nunha franxa de 5 metros desde a proxección dos condutores eléctricos máis externos, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa sectorial vixente. Ademais, na devandita franxa non poderá haber árbores das especies indicadas na disposición transitoria terceira da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Por todo isto, a empresa achegou os planos correspondentes ao trazado das liñas onde se van realizar os labores de xestión da biomasa para que se publiquen no taboleiro de anuncios deste concello, para os efectos de que os propietarios dos terreos, se é do seu interese, poidan executalas previamente.

A lexislación recolle a posibilidade de que sexan as propias persoas titulares dos terreos quenes realicen a xestión da biomasa se están interesadas, dende a data de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios.

De non facelo e transcorridos os 15 días hábiles dende esta publicación (24/02/2026 ata o 16/03/2026, ambos incluídos), UFD Distribución Electricidad S.A. procederá a súa execución.

Laxe, 23 de febreiro de 2026
O alcalde, Francisco Charlín Oróns

ADXUNTOS:
Mapa Laxe